



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	A avaliación psicolóxica das alteracións do linguaxe e a comunicación			Código	652498007
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Non presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicología				
Coordinación	Otero Otero, Patricia	Correo electrónico	patricia.otero.otero@udc.es		
Profesorado	Otero Otero, Patricia	Correo electrónico	patricia.otero.otero@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que os estudantes coñezan cales son as técnicas de avaliación psicolóxica que se empregan nalgúns trastornos que implican dificultades na linguaxe e a comunicación, así como os procesos de avaliación que se segue en cada un deles.				
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non se realizan. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Sesión maxistral, Portafolios, Traballo tutelado *Metodoloxías docentes que se modifican: Non se modifica ningunha metodoloxía. Al metodoloxías pasarán a desenvolverse de xeito virtual por Teams 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: A través de Teams e correo electrónico en horario de titorías. 4. Modificacións na avaliación: Non hai ningunha modificación. *Observacións de avaliación: Para a Segunda Oportunidade o alumno será avaliado da/s proba/s pendente/s ou non superadas, mantendo a porcentaxe establecida sobre a cualificación final. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai ningunha modificación.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



<p>XERAIS DA MATERIA</p> <p>Poden explicar por escrito cales son os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.</p> <p>Son capaces de aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados nas alteracións específicas da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Poden realizar unha avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención; os trastornos do espectro autista, os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Son capaces de redactar un informe de avaliación.</p> <p>Foron capaces de realizar unha avaliación tras a intervención.</p> <p>Poden reflexionar por escrito acerca dos problemas e avances no ámbito da avaliación da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Adquirir un coñecemento práctico da avaliación na área da linguaxe e a comunicación.</p> <p>Coñecer a actuación profesional e os ámbitos onde se desenvolve a práctica.</p> <p>Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.</p> <p>Realizar a selección, avaliación e aplicación de recursos das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na prevención e intervención sobre as dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.</p>	<p>AP1</p> <p>AP2</p> <p>AP3</p> <p>AP6</p>	<p>BP2</p> <p>BP4</p>	<p>CP7</p>
---	---	-----------------------	------------

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: O PROCESO DE AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS EMPREGADOS NAS ALTERACIÓNS DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN	<p>Obxectivos xerais da avaliación da linguaxe. Aspectos básicos a ter en conta na avaliación da linguaxe.</p> <p>Principais métodos de avaliación da linguaxe: entrevista, observación, cuestionarios, probas estandarizadas, análise de mostras da linguaxe</p> <p>O informe de avaliación.</p>
TEMA 2: AVALIACIÓN DA TARTAMUDEZ	Métodos de avaliación. Avaliación diagnóstica. Avaliación funcional.
TEMA 3. AVALIACIÓN DO MUTISMO SELECTIVO E INHIBIÇÕES DA LINGUAXE	Selección das estratexias de avaliación. O proceso xeral de avaliación. Estratexias e instrumentos para a avaliación
TEMA 4: AVALIACIÓN DO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE (TDAH)	Evaluación xeral: intelixencia, linguaxe e aprendizaxe. Avaliación específica: hiperactividade/impulsividade e atención. Avaliación funcións executivas no TDAH
TEMA 5: AVALIACIÓN DO TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE (T.E.L)	Obxectivos da avaliación do TEL. Importancia da detección temperá. Técnicas empregadas: mostras de fala, informes e inventarios, probas estandarizadas. O proceso de avaliación da linguaxe no TEL

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 C7	42	21	63
Portafolios do alumno	A1 B2 B4	6	18	24
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 B2 B4	10	50	60
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes. Ao longo destas sesións presentaranse os contidos básicos da materia
Portafolios do alumno	O alumnado rexistrará nun portafolios os exercicios, lecturas e prácticas derivados dos contidos teóricos
Traballos tutelados	Os estudantes levarán a cabo un traballo académico relacionado cos contidos da materia co fin de valorar se alcanzaron as competencias relacionadas con ela

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os estudantes que o soliciten poderán recibir tutorías ben individuais ou ben en pequeno grupo respecto a elaboración dos contidos tanto do portafolios como dos traballos tutelados. Os estudantes doutras universidades poderán recibir estas tutorías a través de videoconferencia.
Portafolios do alumno	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 B2 B4	Os estudantes levarán a cabo un traballo académico relacionado cos contidos da materia co fin de valorar se alcanzaron as competencias relacionadas con ela	60
Portafolios do alumno	A1 B2 B4	Avaliarase o portafolios cos exercicios, lecturas e prácticas derivados dos contidos teóricos	40

Observacións avaliación

<p>A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%</p> <p>Para a Segunda Oportunidade o alumno será avaliado da/s proba/s pendente/s ou non superadas, mantendo a porcentaxe establecida sobre a cualificación final.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase elixir a impresión a doble cara na entrega de traballos,e no caso dos alumnos doutras universidades o envío dos traballos telemáticamente.Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías